

BANDO

Dona MAYRA GARCÍA BERMÚDEZ, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Trabada, FAI SABER:

Que o 30 de xuño do 2022 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Resolución do Instituto Galego de Vivenda e Solo, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do Programa de **BONO ALUGUEIRO PARA A MOCIDADE** e se convocan para o ano 2022, por un prazo de 2 anos.

- **PERSOAS BENEFICIARIAS: Menores de 36 anos**, arrendatarios de vivenda ou habitación, **que dispoñan dunha fonte regular de ingresos** (traballadores por conta propia ou allea, persoal investigador, e persoas perceptoras de prestacións sociais).
- **PRAZO PARA PRESENTAR AS SOLICITUDES: Dende o 1 de xullo ao 31 de outubro de 2022**, tendo en conta que as axudas se tramitarán polo procedemento de concorrencia non competitiva ata esgotar o crédito dispoñible; polo que **se premiará a rapidez para presentar a solicitude**.
- **FORMA DE PRESENTACIÓN: Obrigatoriedade a través de medios electrónicos** (<https://sede.xunta.gal>) mediante o formulario dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (código de procedemento VI482E); **precisando certificado electrónico ou mediante a Chave365**.

Para a consulta das bases e da documentación que se deberá presentar coa solicitude prema no seguinte enlace:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220630/AnuncioC3Q2-200622-0003_gl.pdf

En Trabada, asinado dixitalmente pola Sra. Alcaldesa na data que figura na marxe.

